

AS E-TAPAS DO CAMIÑO DE INVERNO



Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021

galicia



Km 46,205

galicia





Limiar

Esta guía ten por obxectivo axudar ao peregrino no coñecemento do Camiño de Inverno, pero tamén a aquelas persoas que queiran explorar estas paraxes e saber máis sobre a ruta e a súa contorna. Percorreremos o camiño desde a súa entrada en Galicia, en Sobrado de Valdeorras, ata a chegada a Santiago de Compostela, propoñendo unha serie de etapas con recomendacións gastronómicas, anécdotas do camiño, consellos aos peregrinos e información sobre produtos característicos de cada territorio.

Como veredes, nesta publicación centrarémonos máis na posta en valor dos lugares por onde pasa o Camiño, e non tanto na explicación da ruta a seguir.





O Camiño de Inverno

O Camiño de Inverno é unha ruta de peregrinación xacobeá que vai de Ponferrada a Santiago de Compostela, como alternativa ao Francés, pola súa xeografía e clima máis suave para os peregrinos que facían o camiño nos meses máis duros do inverno, cando os cumios, coma o Cebreiro ou o alto do Poio, estaban cubertos de neve.

O Camiño de Inverno percorre espazos naturais como as Médulas, a Ribeira Sacra ou os vales dos ríos Sil, Miño e Ulla, facendo que cada etapa sexa distinta e o clima e a vexetación mude dunha a outra de forma moi marcada. Posúe ademais unha gran riqueza monumental de mosteiros, cruceiros e obras de enxeñaría civil, e unha cultura gastronómica e vitivinícola digna de coñecer, xoia da nosa terra, e hoxe recoñecida no mundo enteiro grazas ao labor de moitas pequenas adegas. Nesta ruta atoparemos ata catro denominacións de orixe distintas: Bierzo, Valdeorras, Ribeira Sacra e Rías Baixas.

É un camiño non masificado e moi esixente nalgúns etapas, xa que non hai posibilidade de avituallamento en moitos quilómetros, polo que terás que contar con levar provisiones para a xornada. Por outra banda, aínda non conta cunha rede de albergues tan desenvolvida como os outros camiños. Se cadra para nós estes inconvenientes convérteno aínda en máis apetecible de realizar.

E se decides facer o camiño...
bo camiño, boa sorte e bo proveito!



Primeira etapa: Sobrado de Valdeorras – A Rúa (18,5 km)

Resumo da etapa

Neste comezo da aventura propoñemos unta etapa curta que segue o curso do río Sil entre Sobrado de Valdeorras e A Rúa. Pasaremos por distintos núcleos de poboación con todos os servizos, polo que non será preciso levar provisións en exceso.

Trátase dunha etapa marcada polo cultivo da vide, polo aproveitamento hidroeléctrico do Sil e pola extracción de lousa que modificou a contorna ao longo dos tempos.

Sobrado de Valdeorras.

Tomamos como punto de partida o primeiro concello de Galicia, Carballeda de Valdeorras, que ten a súa capital na localidade de Sobrado de Valdeorras.

Sobrado forma un cruzamento de camiños atravesado polo río Sil e o ferrocarril, vía natural de comunicación con Galicia de romanos, franceses e de emigrantes galegos cara a Castela. Destaca a súa imponente ponte de sete arcos, coñecida como a Ponte Nova, que foi destruída para evitar a entrada dos franceses no ano 1809. Moi preto dela está a confluencia do río Sil co seu afluente o Casaió. É recomendable descubrir as súas igrexas: a nova, antiga central térmica, e a vella (que non se pode visitar), da que podemos destacar a curiosidade de ter na portada unha máquina de tren esculpida. Como comentabamos, toda a contorna está alterada pola explotación de lousa.

Imprescindibles:

- Ver a ponte sobre o río Sil
- Ver o río Casaio e súa ponte
- Camiñar ata as dúas igrexas
- En tempada de verán refrescarse nas súas piscinas fluviais

Unha anécdota:

A polémica polo descarrilamento dos vagóns de mercancías que remataron no río Sil no ano 2020 tivo lugar ao lado de Sobradelo de Valdeorras.



14

CURIOSIDADES

Sobradelo de Valdeorras na segunda guerra mundial.

Na segunda guerra mundial os nazis andaron na procura do mineral volframio nas proximidades de Sobradelo do Valdeorras, explotando as minas de Valborraz. Este material era fundamental para crear unha aliaxe que facía o aceiro moito máis forte. Para levar a cabo a extracción do mineral empregaron man de obra escrava de presos republicanos e tamén persoal contratado. Paralelamente son tempos de guerrilla antifascista na serra do Eixe. Á explotación da mina súmase o proxecto de creación dunha central térmica para o subministro de enerxía, que finalmente se inaugura cando a guerra xa rematara. Tempo despois, no ano 1966, esta central térmica cambia de uso, transformándose na actual igrexa de Sobradelo de Valdeorras.



15

Se tes coche tes que visitar:

- O Teixedal de Casaio, para ver unha concentración de teixos impresionante. Este conxunto forma parte do catálogo das árbores senlleiras de Galicia.
- Pena Trevinca, o pico máis alto de Galicia.

Para Comer: O Mesón O Museo ten un bo menú por 10 euros que seduce a calquera peregrino. Imprescindible ver desde o seu miradoiro a Ponte Nova e ollar as diferentes ferramentas e utensilios que expoñen. Non dubidedes en preguntar ao dono do Mesón por calquera cousa que necesitedes. É todo amabilidade e sabedoría.

**TRAMOS****Tramo Sobradelo - Éntoma (3 km)**

Son 3 quilómetros os que unen Sobradelo con Éntoma. O noso primeiro tramo comeza cun pequeno ascenso, seguindo os antigos camiños reais. O cabo dos 3 quilómetros chegamos a Éntoma, unha poboación con casas características de dúas plantas con balcón. É de destacar a ponte dun só arco sobre o río Galir e o cultivo da vide. Un xeito de recordar este lugar son as súas adegas adscritas á denominación de orixe Valdeorras, coma a da Virxe de Galir, con viños brancos e tintos, ou a de Viña Roandi, onde podemos degustar espumosos.



O seguinte tramo son os 3,5 quilómetros que separan Éntoma do Barco de Valdeorras. Aínda que gran parte do camiño discorre pola estrada, descubriremos sobreiras e parcelas agrícolas cheas de vides e adegas que exportan seus viños por todo o mundo. E case sen decatarnos, entraremos na capital da comarca, O Barco de Valdeorras.

Denominación de orixe Valdeorras Logo de facer esta ruta, unha boa forma de recordar como era o camiño será descubrir novos viños dos lugares polos que pasaches. Nestas primeiras etapas degustarás os da denominación de orixe de Valdeorras, recoñecida como tal desde 1945 e situada no nordeste da provincia de Ourense. Os concellos polos que transcorre o Camiño de Inverno pertencentes á denominación de orixe de Valdeorras son Carballeda de Valdeorras, A Rúa, O Barco de Valdeorras, Petín e Vilamartín de Valdeorras. Esta comarca é tradicionalmente unha terra de viños, dos que xa os romanos desfrutaban. Caldos influenciados por un climatoloxía especial, de invernos fríos, veráns de moita calor e outonos e primaveras suaves; en definitiva, cun clima óptimo para facer viños de excelente calidade, tanto se falamos dos brancos, entre os que destaca a godello, ou tintos entre os que destacan os caldos elaborados con uva mencia; en menor medida tamén hai espumosos e viños doces. Se queredes máis información das adegas por onde pasa a Camiño de Inverno podedes clicar na seguinte ligazón do seu consello regulador:

<http://www.dovaldeorras.tv/consello-regulador/contacto/>



O Barco de Valdeorras

O Barco é a capital da comarca de Valdeorras. Unha vila chea de servizos: hospital, estacións de ferrocarril e de autobuses, supermercados e numerosos bares e restaurantes. Unha poboación para camiñar polo paseo ao lado do río Sil, para ver as súas casas brañonadas ou a súa Praza Maior, e para tomar algo nos bares e restaurantes da vila, onde, como non, poderemos degustar viños e licores de Valdeorras como o licor café e augardentes do mosteiro de Xagoaza.

Olo!!! Se decidides quedar no albergue do Barco, tede en conta que está ben pero algo afastado, en torno a dous quilómetros do centro e do camiño.





O Barco – A Rúa (12 km)

A primeira parte deste tramo, que une O Barco con Vilamartín, discorre ao lado da estrada N-120. En Vilamartín hai albergue municipal e servizos, pero polo que máis destaca é polas súas adegas, Covas, esburacadas na terra. Se tedes fortuna e coincidides coa festa do viño (primeira fin de semana de agosto) estades de sorte porque é unha marabilla desfrutar das máis de 40 adegas e degustar en cada unha delas pinchos, viño da casa, empanada e gozar de moita troula. Deixamos Vilamartín seguindo a mesma paisaxe marcada polo cultivo da vide, atopando numerosas adegas e tamén encoros que deteñen as augas do Sil. Así, case sen darnos de conta chegamos á Rúa, lugar no que poremos fin á nosa primeira etapa.

Imprescindible:

- . Percorrer o paseo a carón do Sil e tomar algo nalgún dos numerosos bares próximos.
- Ver a súa Praza Maior.
- . Ver a Casa de Viloría.
- . Ver a Casa de Riocigueño.
- . Visitar a igrexa románica de San Miguel de Xagoaza (hai que desviarse do Camiño, pero é unha xoia).

A Rúa

Se decidides saír de Sobradelo de Valdeorras percorreremos 18,5 km ata chegar á Rúa. Esta localidade ten servizos de restauración, supermercados, hoteis, hostais, e estacións de ferrocarril e autobús.

No pobo da Rúa atopamos casas brasonadas e unha bonita zona vella. Na igrexa de Santo Estevo hai unha talla de Santiago Peregrino. En canto a unha recomendación de viños da Rúa, quedamos co Aeronauta da adega Valdeiga. Este viño roubounos o corazón.



Segunda etapa: A Rúa – Quiroga (28,2 km)

Resumo da etapa

Atopámonos ante unha etapa dura na que o peregrino de a pé ten que ir con provisións, xa que non hai posibilidade de avituallamento nos lugares por onde pasa. Mais é unha marabilla de xornada na que apreciaremos nos primeiros tramos a riqueza vitivinícola da zona para pouco a pouco cambiar ao clima mediterráneo, co que aparecerán oliveiras, figueiras e herbas aromáticas.

Teremos parada obrigada na aldea de Montefurado, onde poderemos desviarnos para apreciar a obra coa que os romanos cambiaron o curso do río Sil, furando o monte para poder extraer o ouro. Máis adiante, preto de Quiroga, poderemos observar o castelo de Novas, maxestoso sobre o val do Sil.

Se aínda tedes forza, ao chegar a Quiroga poderedes desviarvos á praia fluvial de Ribas de Sil para descansar e darvos un merecido baño. Ollo, paga a pena!



CURIOSIDADES

Túnel de Montefurado

É unha colosal obra de enxeñaría feita polos romanos para explotar os xacementos de ouro do río Sil. Calcúlase que máis de 190 toneladas de ouro viaxaron da provincia ata Roma. A obra do túnel de Montefurado consistiu en desviar o curso do río, atravesando un monte para deixar á vista un gran meandro no que extraer o ouro que quedaba na seca. Para ver o meandro hai que seguir a estrada, tal como está sinalizado. Pódese apreciar dende un miradoiro próximo, pero se continuamos o camiño teremos unha boa perspectiva parando xusto ao lado do poboado feito para os traballadores dos encoros que ten Iberdrola, que ao igual ca os romanos no seu tempo, explotan a riqueza dos ríos.

TRAMOS

A Rúa – Os Albaredos (8 km)

Comezamos esta etapa cunha forte subida pola estrada LU-933 que case non ten tráfico, na que poderemos gozar dunhas fantásticas vistas do Sil e a cada pouco atoparemos interpretacións artísticas moi singulares aos dous lados do camiño.

Ao final deste tramo chegamos á pequena poboación dos Albaredos, enclave con moito encanto que nos recibe cunha capela aberta ao peregrino coa chave esperándonos na mesma porta, unha adega ben rehabilitada, unhas vistas fantásticas e dúas fontes onde saciar a sede da subida.

Para ver o túnel de Montefurado témonos que afastar do camiño. Se vas a pé non é recomendable porque a distancia e bastante longa. Se ides en bici ou tedes un coche de asistencia é obrigatorio achegarse a ver esta obra de enxeñaría civil que fixeron os romanos para extraer o ouro do río Sil.

Os Albaredos - Montefurado (2,3 km)

Se para chegar aos Albaredos subimos, para chegar a Montefurado baixamos. Montefurado é unha vila atravesada pola vía do tren, mesmo co seu apeadoiro. Ten a igrexa loura de San Miguel de Montefurado, co seu cemiterio con grandes cruces de ferro que contan a vida dos que nos precederon. Paga a pena pasear pola vila e ver o seu lavadoiro mentres imaxinamos tempos mellores desta poboación.



*San Miguel
de Montefurado*

Para ver o túnel de Montefurado témonos que afastar do camiño. Se vas a pé non é recomendable porque a distancia é bastante longa. Se ides en bici ou tedes un coche de asistencia é obrigatorio achegarse a ver esta obra de enxeñaría civil que fixeron os romanos para extraer o ouro do río Sil.

Montefurado - Bendilló (8,4 km)

Sáimos de Montefurado en dirección ao Ermidón, pequeno núcleo de poboación que tempo atrás foi un cruzamento de camiños e no que agora moitas das casas xa non están habitadas. A partir deste momento seguimos a estrada LU-933 que se superpón ao camiño real existente. Comeza a vexetación mediterránea: tomiño, ourego, sobreiras, oliveiras e figueiras acompañarannos na nosa ruta.

No Camiño atoparemos a capela de San Xoán das Farrapas, que se chama así porque os camiñantes deixaban alí os farrapos cos que chegaban coma vestimenta logo de moitos días andando, do mesmo modo que se facía ao finalizar o Camiño en Compostela. Xusto ao lado da capela podemos observar un lagar de 300 anos, testemuña da produción tradicional de aceite no concello de Quiroga, que conta cunha produción moi limitada e un prezo elevado que se compensa co seu sabor e produción a pequena escala, no que prima unha calidade espectacular.

Bendilló - Os Novais (4,8 km)

A continuación facemos unha baixada cara á aldea do Soldón. A baixada é pronunciada, está rodeada de piñeiros, e permítenos desfrutar dunha preciosa paisaxe e espectaculares

vistas do río Sil. No Soldón, xa ao lado do río, hai unha área recreativa que pode ser bo lugar para facer un descanso no camiño. Tamén aquí existe a posibilidade de durmir nos apartamentos habilitados que están a carón do río.

Se baixamos cara ao Soldón, agora toca subir cara ao castelo dos Novais, fortaleza hospitalaria da orde de San Xoán que demostra a importancia desta ruta ao longo da historia.

O camiño pasa ao lado da torre, polo que é recomendable visitar os seus restos, aínda que lamentablemente están bastante mal conservados, e non perder as vistas desde o castelo. Na aldea non hai servizos e moitas das casas están en ruínas, pero é fermoso e ten unha capela e árbores froiteiras que nos dan a benvida.

Os Novais - Quiroga (4,7 km)

Afrontamos a última parte da etapa cara a Quiroga cunha baixada por un camiño empedrado que é ben bonito. Mais ao pouco de cruzar un regato pasamos por un bosque invasor de acacias que logo dun incendio colonizaron gran parte do camiño, facendo desta parte unha subida un tanto dura e pouco agradable... O bo é que en pouco tempo remata este ecosistema e comezamos a baixar, primeiro por bosque mediterráneo e logo por viñedos, casas e hortas ata chegar a Quiroga pola rúa Real.

Que ver e onde moverse

A 1,5 km de Quiroga atópase a área recreativa de San Clodio, ao lado do río Sil. Se ides con bo tempo é moi recomendable pasar a tarde para desconectar e descansar da andaina realizada.

É interesante visitar:

O Museo etnográfico. Os seus contidos están relacionados cos catro produtos da contorna: o viño, a castaña, o aceite e o mel. Tamén cos catro materiais xerados polos seus recursos naturais e empresariais: a pedra, o ferro, a madeira e os tecidos.

<https://museosquiroga.org/es/museo-etnografico-e/>

O Museo xeolóxico, que inclúe os recursos naturais máis representativos da contorna.

<https://museosquiroga.org/es/museo-xeoloxico-e/>

Se tes vehículo de asistencia, achegarse ao teixo do Cereixido, incluído no catálogo de árbores senlleiras de Galicia, é unha boa opción. Quiroga é tamén un punto perfecto desde o que visitar a serra do Courel.

Que beber?

O camiño fainos entrar en Quiroga no territorio doutra denominación de orixe: a da Ribeira Sacra. De aquí non podemos deixar de degustar os viños *Silius* e *Atrium Vitis*, da adega *Atrium vitis*. Un gran descubrimento.


Viño de Quiroga

*Viño quirogués, gustoso de beber
Lévote no padal e na memoria:
Eres o meu desexo, a miña gloria
A máis pura alegría do meu ser
Teso uro de solpor, luz de mencer.
Entre tanta miseria, aldraxe, escoria,
Ti librasme piadoso desa noria
Pesada e rutinaria que é viver
Soamente hai un recendo verdadeiro:
O do viño doncel ulindo a mosto,
A uva sacramental, a bago enteiro.*


*En ti bebo o podente sol de agosto,
Ao néctar delicioso!
Compañeiro do xantar competente e do magosto*

Manuel María

Extractos da obra
Sonetos do Val de Quiroga



Eu son Manuel María,
labrego con algo de poeta.
Día das Letras Galegas 2016



Aceite de Quiroga

O peregrino que atravesese Quiroga decatárase da existencia de oliveiras, moitas delas antigas e bravas, pola contorna do camiño. Non en balde Quiroga é a capital do aceite galego, que actualmente ten unha produción de 40000 litros anuais, aínda que só 20000 litros se comercializan, sendo o resto destinados ao autoconsumo. Son seis empresas as que a día de hoxe comercializan este aceite froito de vellas oliveiras, moitas delas de variedades autóctonas. Non deixedes de probar Ouro de Quiroga e Aceiroga, quedaredes tan gratamente sorprendidos como nós.

Sabías o aceite de Quiroga foi nomeado pola Universidade de Córdoba como o quinto mellor do mundo?

Para comer?

É moi recomendable o menú de Casa Aroza, que reconforta ao peregrino logo dunha etapa ben dura. Comida tradicional, abundante e axustada ao prezo.





Terceira etapa: Quiroga - Monforte de Lemos (33 km)

Resumo da etapa

Esta é unha etapa dura en xeral, na que en 30 quilómetros vai mudar o tipo de vexetación varias veces. É recomendable levar provisiones xa que desde San Clodio ata Barxa de Lor non imos ter posibilidade de atopar ningún establecemento no que repoñer forzas. Neste punto atopamos un itinerario alternativo que discorre pola parroquia de Torbeo, na Ribeira Sacra. Achegamos recensión sobre esta variante.

Ruta de Torbeo

Este sería o itinerario natural para chegar a Monforte desde Quiroga, seguindo o curso do río Sil para logo cruzar en barca ou, cando había secas en tempo de verán, polos pasos do río. Está fundamentada en numerosos documentos históricos e topónimos que destacan a existencia deste camiño. De feito, neles queda acreditado que o término “Rozavales” vén de Roncesvalles. Non obstante, cando comeza a recuperarse o Camiño de Inverno non se valorou a posibilidade de desenvolver esta ruta posto que non había servizo de barca para cruzar o río, ademais de que o medio estaba modificado polos encoros existentes. A día de hoxe, a Asociación pola defensa desta variante busca a creación un servizo de balsa ou catamarán que permita cruzar o río co obxectivo de poñer en valor este camiño e desfrutar desta fermosa ruta.

Como atractivo singular podedes ir visitar as adegas de Vilachá, das máis antigas da península Ibérica, onde se celebra a festa do viño na primeira fin de semana de maio, ademais de desfrutar do val e da conca do Sil, así como ir ver a igrexa románica de Torbeo,

coa súa pía bautismal de inmersión, unha xoia na súa categoría. A ruta sairía de Ribas de Sil e subiría por Castro de Abaixo até Torbeo. Despois continuaría xunto á Pena Tallada, para logo baixar até A Covela, coa vista do meandro de fronte. Na Covela cruzaríase en barca o río Sil (como se comentou, actualmente estase na procura dunha barca que volva dar este servizo aos peregrinos), e ao cruzar desembarcaríase en Barxa, e de alí subiríase até Vilachá, no concello da Pobra do Brollón. Pasada Vilachá de Salvadur bastaría seguir cara a Rozavales, Vilamarín, Caneda, Santa Mariña do Monte e Monforte de Lemos.

Para máis información achegamos ligazón desta variante
<https://vilachadesalvadur.gal/camino-de-santiago/>



TRAMOS

Quiroga – O Carballo de Lor (13,5 km)

Unha vez en Quiroga tomaremos dirección San Clodio. Atravesaremos Nocado, seguindo as indicacións que atoparemos pola estrada, até xirar á altura dunha pista forestal e ascender por unha pronunciada costa. Na subida ata a ermida dos Remedios desfrutaremos dun gran bosque de piñeiros, para logo ir descendendo até a aldea do Carballo de Lor. Olo se ides con coche de asistencia! O GPS pode xogarvos unha mala pasada meténdoos nunha pista sen asfaltar e demasiado estreita para o coche.



O Carballo de Lor- Barxa de Lor (1,9 km)

Este pequeno tramo conforma unha baixada moi fermosa chea de vexetación que nos leva ata a parroquia de Barxa de Lor, xa no concello da Pobra do Brollón. A chegada ao río é unha maravilla que paga a pena percorre, coa súa ponte de orixe romana, reformada no século XVIII. Lugar para parar e descansar, ollar

os muíños e casas ao lado da ponte, mollar os pés e sentir o privilexiado que es por estar facendo este traxecto. A 300 metros da ponte, desviándonos da ruta, temos a posibilidade de comer e durmir na pensión Pacita. Para recordar o bonito que foi cruzar esta ponte sobre o río Lor, podes buscar cando chegues á casa os poemas de Uxio Novoneyra adicados ao Courel e ao río Lor.

Barxa de Lor – A Pobra do Brollón (7,8 km)

Despois de deixar Barxa de Lor iniciamos un ascenso por prados e bosques ben bonitos, pasando por camiños empedrados, hortas ben traballadas e vacas pacendo, antes de entrar na parroquia de Castroncelos.

A carón da igrexa de Castroncelos, adicada ao Apóstolo Santiago, foron atopados restos de asasinados pola represión franquista. Continuaremos ruta pasando por Vilarmao e comezaremos un descenso que nos levará até A Pobra do Brollón.



A Pobra do Brollón

Poboación con bares e restaurantes e unha área recreativa ao lado do río onde podes dar un baño e descansar da andaina. Non podes deixar de pasar (se tes bo estómago, porque é forte) sen comer a empanada de iscos na Vieja Taberna, ou practicamente en calquera panadería da vila, xa que é unha comida moi típica da zona.

Este concello tamén é coñecido polo seu entroido, coa Baixada do Oso no lugar de Salcedo. Se tes coche de asistencia podes desviarte da ruta e visitar a sobreira de Santiorxo, na parroquia de Liñares, que forma parte do catálogo de árbores senlleiras de Galicia. Para rematar, por que non?, podes ler algún poema de Olga Novo, nada na Pobra do Brollón, mestra en Monforte de Lemos e Premio Nacional de Poesía.



A Pobra do Brollón - Monforte de Lemos (10,1 km)

Deixamos A Pobra do Brollón e seguimos o camiño en dirección ao río Saa. Continuamos ata a igrexa de San Pedro de Cereixa, onde poderemos ver un cruceiro de Santiago Peregrino. Comezamos despois a ascender rodeados de carballos até chegar ao alto da Serra, que marca o límite entre os concellos da Pobra do Brollón e o de Monforte de Lemos, para baixar logo por un piñeiral cara á chaira de Lemos, desde onde poderemos ver Monforte no alto.

**Monforte de Lemos**

Monforte de Lemos é lugar da fin desta terceira etapa. É a capital da comarca de Lemos e conta con todo tipo de servizos de hoteis, albergues e restaurantes, sendo ademais un nó importante de comunicación ferroviaria.

É obrigatorio pasear pola zona vella, subir ata o parador e visitar o Colexio dos Escolapios e as numerosas igrexas e mosteiros da vila. Tamén andar polo paseo a carón do río Cabe e visitar a escultura e antiga librería de Manuel Maria, ilustre veciño de Monforte de Lemos que foi homenaxeado co Día das Letras das Galegas no 2016.

Se vos gusta ir de museos aquí atoparedes o do Ferrocarril, onde poderedes ver numerosas locomotoras e vagóns de época. Tamén podedes buscar información dalgunha obra do poeta nacido en Monforte Lois Pereiro, recoñecido co Día das Letras Galegas en 2011 e importante expoñente da contracultura dos anos 80. Unha curiosidade! Outra veciña ilustre do concello, nacida na parroquia da Penela, é a xornalista Julia Otero.

Onde durmir?

Monforte ten unha ampla variedade de hoteis, hostais e albergues.

Onde comer?

Moitos bares e restaurantes bos ten Monforte, así que acertar aquí é doado.

Podes probar na Polar, no centro da vila, e se é verán desfrutar da súa terraza, con tapas e menú ricos de prezo axustado. Tamén podes probar na tappería-restaurante La Fábrica, que é unha delicia por calidade e trato.

Outra posibilidade que ten Monforte de Lemos, como todas as poboacións do interior, é tomar o polbo cando hai feira, neste caso os días 6 e 24 de cada mes. Se che cadra facer a ruta neses días, será unha alternativa fantástica poñer fin á xornada mollando o pan no aceite e tomando unhas talladas de polbo. Se non hai feira, unha boa opción é achegarse a pulpería Os Chaos.

Para a sobremesa hai que probar unha larpeira de Monforte. En canto ao viño, na Terra de Lemos hai seguir tomando viño da Ribeira Sacra. Probamos e recomendamos o Guímara, do concello de Sober, que nos permitirá cando volvamos á casa lembrar as cores e os sabores desta zona.



4ª ETAPA

MONFORTE - CHANTADA



Cuarta etapa: Monforte de Lemos - Chantada (31,6 km)

Temos por diante unha etapa fermosísima, na que desfrutaremos dos bosques do Saviñao, dos meandros do Miño, de templos románicos e do tramo da igrexa de Diamondi a Líncora -para nós, o máis fermoso desta variante e un dos máis bonitos de todas as rutas xacobeas-.

É unha etapa dura, pero atoparemos lugares onde poder comer ou mercar provisións. Se temos coche de asistencia poderemos coñecer espazos únicos como o Cabo do Mundo ou a igrexa de Santo Estevo de Ribas do Miño. Se non, sempre podedes pedir un taxi no bar do embarcadoiro de Belesar para achegarvos. Son paradas polas que realmente paga a pena desviarse un pouco da ruta.



Denominación de Orixe da Ribeira Sacra. Cando o peregrino entra no Concello de Quiroga, deixa atrás os viños de Valdeorras para comezar a explorar os dunha nova denominación de orixe: Ribeira Sacra. Esta denominación comprende un territorio que discorre entre as concas dos ríos Sil e Miño, e conforma un espazo de mosteiros e socalcos onde os labregos souberon adaptar a forte pendente para traballar a terra e facer vendimas heroicas. Malia levar máis de 2000 anos facendo viño, non foi até o ano 1996 cando naceu formalmente a D.O. Se che cadra facer o camiño no verán, é posible que coincidas co Festival de Música da Ribeira Sacra, que sempre resulta unha pasada de organización e de cartel.



Monforte de Lemos - igrexa de Moreda (5,7 km)

Sáimos de Monforte pola ponte medieval, a carón do paseo fluvial, e xusto ao cruzala atopamos o convento das Clarisas, no que poderemos entrar e observar o Museo de Arte Sacra. Logo continuaremos pola rúa Abeledos, coas súas casas de dous andares e balcóns con moitísimo encanto, aínda que algunhas delas merecen un bo traballo de rehabilitación. Máis adiante, iniciaremos un tramo pola parroquia da Vide. Moito ollo á saída da igrexa da Vide! É un lugar que se presta a confusión xa que as frechas non están de todo claras, e como resultado é sinxelo que o peregrino remate perdido.

Continuaremos camiño botando de cando en vez unha mirada cara a atrás para ver Monforte quedar ao lonxe, e chegaremos á fermosa igrexa de Moreda.

Moreda - Fonte do Piñeiro (4,1 km)

Este é un tramo no que combinaremos bosques con casas e leiras ben traballadas. Ao pouco de entrar no concello de Pantón, pasaremos preto do pazo de Reguengo, unha magnífica construción señorial do século XVIII, se ben as súas orixes son anteriores. Desde o camiño podemos apreciar o maxestoso predio que o rodea, co seu muro de pedra, o pombal, a capela, o xardín e as árbores desta propiedade en excelente estado de conservación.

Deixamos atrás o pazo de Reguengo e a pequena aldea de San Lourenzo e continuamos a nosa ruta rodeados de bosques de carballos e algún que outro castiñeiro. Chegaremos ao lugar de Piñeiro, que conforma un bonito conxunto con fonte e pía onde

poder descansar para continuar o camiño. Preto de Piñeiro está o castro do Castellón, onde se atopan importantes restos arqueolóxicos, ademais de ser punto de encontro de antigas calzadas romanas.



Piñeiro – igrexa de Diamondi (14,6 km)

Desde Piñeiro, unha opción para o peregrino é desviarse da ruta e ir hospedarse a Escairón, capital do concello do Saviñao. Se optades por esta posibilidade sabede que ten hoteis, hostais, bares e restaurantes. Entre eles cabe destacar o Mesón Maruxa, que conta cun menú do día a 9 euros moi recomendable, así como con tapas ricas, económicas e abundantes. Iso si, con horario acoutado para degustalas! Escairón é unha vila de artes: conta cun local de concertos, a Sala Avenida; é lugar de residencia de Miguel Costas, exmembro de Siniestro Total, e ten unha biblioteca cunha gran programación de actividades para os lectores e lectoras.

Se desestimamos a opción de desviarnos a Escairón chegaremos ó lugar de Fontenla, xa no concello do Saviñao. Aquí de novo podería merecer a pena tomar unha ruta alternativa para poder coñecer a igrexa románica de San Martiño da Cova e desfrutar desde o miradoiro do Cabo do Mundo, un meandro espectacular producido polo río Miño. Paga a pena facer este desvío.

A ruta continúa atravesando pequenos núcleos de poboación, carballeiras, hortas, leiras con froita e prados ata chegar á xoia da igrexa románica de San Paio de Diomondi. Ollo! Esta igrexa está xusto a carón do camiño, pero pode darse o caso de que algún peregrino despistado continúe a ruta sen decatarse da súa existencia, perdéndose esta marabilla arquitectónica.

San Paio de Diomondi é un conxunto arquitectónico conformado pola igrexa e o pazo arcebispal, actualmente reitoral. É un bo exemplo de románico compostelán, e no tímpano hai unha inscrición coa data de 1170, se ben ten as súas orixes no século X, aínda que algunhas fontes falan do s. VIII. Ao longo da historia foi residencia de verán do bispo de Lugo. Imprescindible dar a volta ao conxunto e fixarse cos capiteis. San Paio de Diomondi é monumento nacional desde o ano 1931.



Igrexa de Diomondi - Líncora (4,9 km)

O tramo que afrontamos a continuación pode ser o máis fermoso deste camiño e un dos máis fermosos de todas as rutas xacobeas. Recomendable para realizar en calquera estación, é ademais unha fantástica opción para facer unha excursión dunha xornada.

Esta parte do camiño formaba parte dunha antiga calzada romana que unía Astorga con Braga, sendo coñecido polos Codos de Belesar.

É un espectáculo o descenso pola calzada de pedra, cuberta de follas e rodeada de carballos, e nalgúns tramos vense as rodeiras, as marcas na pedra do paso dos carros. Case de improviso aparecen o río e os socalcos cheos de vides que nos anuncian a chegada á aldea de Belesar. Se tedes a sorte de chegar na época da vendima, poderedes ver cuadrillas de homes e mulleres traballando en distintos socalcos e sentir o cheiro a viño que enche toda a poboación. É unha experiencia ben bonita.

O lugar de Belesar está a carón das augas detidas polo encoro do río Miño. Lamentablemente unha parte da vella aldea e a antiga ponte romana quedaron asolagadas coa construción desta barrera. Agora conta cunha ponte nova e un embarcadoiro do que sae o catamarán que fai visitas turísticas polas augas do encoro. Este embarcadoiro conta cunha cafetería, un bo lugar para parar a tomar algo relaxadamente e admirar a beleza do lugar.

Se tedes coche de asistencia poderedes achegarvos ata a praia fluvial da Cova e tomar algo no seu restaurante, darvos un baño ou alugar unha embarcación a pedais para descubrir o entorno desde a auga. Outra opción, en sentido contrario desde Belesar, sería visitar o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño, que é unha auténtica preciosidade polas súas vistas e pola súa riqueza arquitectónica.

O camiño de inverno continúa cruzando a ponte en Belesar, fronteira entre os concellos do Saviñao e Chantada. Aquí iniciamos unha subida moi pronunciada entre os socalcos de vides. Cando superemos tres cuartas partes do ascenso teremos a posibilidade de parar a descansar na adega Via Romana ou no mesón e adega do Veiga, ambos os dous espazos na aldea da Ermida. Poderemos tomar un viño da Ribeira Sacra ollando a paisaxe antes de facer a última parte da etapa que nos levará, polo medio de carballos, a San Pedro de Líncora.



Líncora – Chantada (2,3 km)

Afrontamos este derradeiro esforzo da xornada chegando ao alto que nos leva a Chantada, pasando a carón da igrexa de San Salvador de Asma.

Chantada é punto final desta etapa, unha vila con todos os servizos de hostalaría e restauración. Aquí o peregrino debe continuar bebendo os viños da Ribeira Sacra, e se ten a sorte de coincidir coa festa do viño, que xa leva máis de corenta edicións celebradas, será unha marabilla que recordará toda a vida. O seu primeiro pregoeiro foi Antonio Fraguas, homenaxeado coas Letras Galegas en 2019.

Outros produtos de calidade que ten este concello, e que o peregrino non pode deixar de probar, son a cereixa (que tamén conta con festa propia en Belesar), as mazás, das que gran parte da produción se emprega para a fabricación de sidra, e o mel artesán.

**Onde xantar?**

Para xantar e moi recomendable Casa Flora, un espazo onde o deseño e a calidade non está enfrontado co prezo. Esta increíble casa de comidas, como lle gusta sinalar que é á súa propietaria, ofrece a opción de tomar un primeiro prato de culler e logo menú e carta. Cristina fai a túa estancia do máis agradable, e dá o encanto de deixar a fonte da sopa na mesa para que repitas as veces que queiras. Salientar os mexillóns á vinagreta elaborados con vinagre de Chantada, de sabor forte pero excelente. Para rematar, neste restaurante podemos atopar exemplares de publicacións adicados do xornalista chantadino Alfonso Eiré e botar unha ollada que farán plácida a espera.

En canto ao viño, recomendaremos aquí o Diego de Lemos, un mencía da aldea de Pincelo, na parroquia da Sariña, primeiro da Ribeira Sacra en obter certificación ecolóxica. Á parte desta cuestión... o viño está boísimo.

*Viños de Chantada, Chianti noso,
sodes vós un canto antergo,
un doce, delicadísimo alalá
que no corazón nos pon un merlo novo.
Meus viños puros da Ribeira Sacra
que rezades antífonas e salmos
para absolvernos de todos os pecados.*

Fragmento do poema *Os Viños do Miño*

Manuel María



Quinta etapa: Chantada - Rodeiro (25,7 km)

Resumo da etapa

Unha etapa para constatar o marabilloso e diferente que é o noso país. Se na etapa anterior atravesamos o río Miño e apreciábamos o cultivo da vide nos socalcos da Ribeira Sacra, nesta veremos carballeiras, soutos, prados e ascenderemos o Monte Faro. Este é o cumio de maior altitude deste Camiño do Inverno, que cos seus máis de 1100 metros fai fronteira entre os concellos de Chantada e Rodeiro. A vila de Rodeiro é a fin desta quinta etapa, na que é recomendable levar provisións, xa que non haberá posibilidade de mercar alimentos nin bebida na ascensión ao monte Faro, a parte máis dura da xornada.

Chantada - Ermida da Nosa Señora do Faro (12,6 km)

Deixamos Chantada e comezamos unha andaina cunha mestura nos primeiros quilómetros de pequenas subidas con falsas chairas. Cruzaremos poboacións con numerosos hórreos e petos de ánimas, e observamos como desaparece o cultivo da vide, substituído por prados e vacas pacendo, que alternan con fermosas carballeiras e algún que outro souto e castiñeiro illado.

Chegando á poboación de Penasillás pode ser un bo momento para facer unha parada antes do ascenso ao monte Faro. O bar O Peto é un bo lugar onde retomar forzas para a parte máis dura da etapa, e por suposto podemos coller auga no fonte da aldea. Preto deste lugar atópase a igrexa románica de Santiago de Requeixo, que conta cunha imaxe de Santiago Peregrino do século XVIII.

A TER EN CONTA

Neste punto cabe a posibilidade de realizar a variante de Mouricios, coa que evitaríamos a ascensión ao monte Faro. Aínda que o percorrido é moi fermoso para unha excursión, cómpre dicir que, en honor ó Camiño, sería máis axeitado subir ao monte.



Apenas deixando atrás esta poboación, comezan as primeiras costas que durante 4 quilómetros nos acompañarán até chegar ao cumio. Percorreremos o camiño por onde os romeiros fan o viacrucis cando se dirixen ao santuario do Monte Faro.

Este monte é un espazo cheo de encanto que desde a antigüidade vén sendo lugar de ritos e tradicións. Desde o cumio terás unhas vistas espectaculares da contorna, ademais de ser un espazo de especial protección da natureza no que atoparás aves rapaces e animais en perigo de extinción como a píntega rabilonga.

Se che cadra realizar a ruta o 8 de setembro coincidirás co día da Virxe do Monte Faro, no que se congregan milleiros de romeiros. A modo de curiosidade: este espazo foi elixido como lugar da xuntanza campestre anual do Partido Popular de Galicia na década dos 90. Nos dous eventos hai gaiteiros, empanada e polbo.

Ermida Nosa Señora do Monte Faro – Rodeiro (13,1 km)

A ermida do Monte Faro atópase a 200 metros do camiño, sendo de obrigado cumprimento cando chegamos a ela dar unha volta ao seu carón. A igrexa, construción do século XVIII que destaca pola súa robustez e sobriedade no marco dun espazo aberto, ten forma de cruz latina con brazos laterais curtos.

Ao lado da Ermida hai cinco monólitos con poemas do trobador Xohán de Requeixo, que viviu no século XIII e lle adicou cinco cantigas ao santuario, o que demostra a devoción existente por este lugar na época medieval.



*Fun eu madr'en romería
A Faro con meu amigo
E venho d'el namorada
Por quanto flou migo
En min jurou que morria
Por mi talvez me quería*

Fragmento dunha cantiga
de Xohán de Requeixo.

Desde a ermida da Nosa Señora do Monte Faro comezamos a segunda parte desta etapa, cun descenso que nos levará ao val da Camba, no cal poderemos ollar marabillados a mistura entre bosques autóctonos e praderías.

CURIOSIDADE

Fonte dos Meniños

Outra das tradicións etnográficas do monte Faro é levar os nenos á fonte dos meniños.

A xente do lugar levaba os nenos a esta fonte co obxecto de sandalos da doenza do enganadiño, que deixaba os nenos sen forza. Para poder sandar o neno había que pasalo nove veces por debaixo dunha pedra que facía unha ponte ao lado do manancial, dicindo:

-María.

-Que.

-Toma este enganadiño; se é para Deus, que o leve. Se é para o mundo, que Deus o salve.

Logo deixábase unha candeia acendida e roupas do neno como ofrenda. Todo este ritual debía facerse pola noite e remataba rachando un carballo ou xesta para pasar o neno por baixo.



Neste val destaca a presenza de diferentes elementos patrimoniais como o imponente pazo da Camba, tamén chamado dos Churruchaos, que albergaba unha importante liñaxe da que atopamos referencias documentais xa no século IX, cunha doazón do rei Afonso II o Casto a un membro desta familia; Tamén existen referencias a ela acompañando os Reis Católicos na toma de Granada no 1492, ou nas distintas casas, pazos e dereitos que tiña esta familia en diferentes vilas galegas. Trátase dun complexo arquitectónico imponente, con grandes chemineas, unha escaleira señorial e capela. Esta capela, da que se contaba que estaba unida ao pazo por medio dun pasadizo, é a día de hoxe a igrexa parroquial. Outros elementos a destacar preto do camiño son a igrexa de Fafián, adicada a Santiago e na que hai unha imaxe do apóstolo do século XVIII, e mais o pazo de Trasulfe.

A ruta continua polo val da Camba ata chegar á parroquia de Río. Poderemos deternos e beber na fonte, para logo ver os pendellos tradicionais da feira que se celebra o 15 de cada mes. Tamén podemos tomar algo no bar O Recanto, aínda que xa só quedan menos de 2 quilómetros para a fin da etapa en Rodeiro.

CURIOSIDADE

Pola súa situación estratéxica, o territorio polo que transcorre esta quinta etapa do camiño do inverno foi lugar de paso das distintas expedicións que ao longo da historia chegaron a Galicia. Hai moitas lendas que falan destes feitos: así, o topónimo da Matanza conta unha derrota das invasións normandas neste lugar de Chantada, logo de sementar o caos e a destrución desde a súa entrada en Galicia polo río Ulla, como tamén a historia do cruzamento do exército suevo polo río Arnego en Negrelos.

Que comer?

Unha boa recomendación para comer en Rodeiro é pedir caza (coello ou xabarín) e churrasco (nesta zona o normal e pedilo de tenreira). Un bo lugar para xantar é Casa Sánchez ou o mesón Guerra. Este último tiña un menú moi rico e axustado, pero agora parece que van abrir só en tempada de cocido (que tamén é unha boa recomendación para xantar nesta vila).

Outro lugar onde ir se tedes coche de asistencia é Casa Achacán, un restaurante ben posto con moi boa cociña. Obrigatorio pedir as croquetas caseiras e quedar cun pouco de fame para as sobremesas.

Por que comer o pan de Rodeiro?

En Rodeiro comezamos unha serie de localidades, entre as que tamén están Lalín e Silleda, nas que necesariamente debemos probar os diferentes pans artesáns que se cocen, por teren unha calidade suprema. Se vas á panadería de Jesús en Rodeiro poderás mercar o mesmo que comen os reis Filipe e Letizia na Zarzuela, xa que esta panadería é provedora da Casa Real de pan e empanadas dende hai unha chea de anos.





Sexta etapa: Rodeiro - A Laxe - Lalín (26,8 km)

Resumo da etapa

Xornada na que predominan os prados, as carballeiras e o monte baixo. Ao principio da etapa destacan, pola súa fermosura, os cruzamentos que faremos polo río Arnego, para máis adiante ascender ata o coto da Manuela e finalizar co descenso ata Lalín.

A TER EN CONTA

Aínda que a etapa estea formulada para pórle fin no albergue de Laxe, existe a alternativa de quedar en Lalín, que daría ao peregrino a posibilidade de achegarse aos moitos locais de hostalaría que ten a capital da comarca do Deza. En Lalín hai albergues privados e hoteis a un prezo económico que poden facer apetecible esta opción. Non obstante, tede en conta que se quedades no centro de Lalín, na sétima xornada andaredes catro quilómetros máis do previsto, o que vos achegaría a 40 quilómetros de andaina.

A partir da Laxe, o Camiño do Inverno únese ao Camiño da Prata, que vén de Ourense, o que fará que aumente o número de peregrinos e peregrinas que atopemos nos bares, restaurante e albergues onde paremos.

Nesta etapa é recomendable, ao igual ca noutras, levar provisións, xa que non imos ter moitas posibilidades de mercar comida para a xornada ao longo do percurso.

Rodeiro – Ponte Pedroso (11,8 km)

Saímos de Rodeiro deixando á dereita a súa casa consistorial, antiga fortaleza, e afrontamos a sexta etapa do Camiño do Inverno. Nos primeiros quilómetros a ruta estará ben marcada polos continuos pasos sobre o río Arnego, sorprendente cal serpe que aparece e desaparece unha e outra vez ante a nosa vista... Que fermosa é a nosa terra! Este é un tramo no que predominan os prados, as grandes gandarías, as pequenas poboacións e illadas explotacións agrícolas. Como curiosidade, podemos falar do monumento singular que veremos ao paso pola Penela, que non deixará indiferente a ninguén.

En canto ao patrimonio deste tramo, destacamos dous elementos: a igrexa románica de San Xiao de Pedroso, na aldea da Eirexe, co seu cruceiro, atrio e fonte no exterior, que convida ao peregrino a facer unha parada reparadora. Un pouco máis adiante, a Ponte Pedroso, de novo sobre o río Arnego, unha auténtica xoia do século XII que foi recentemente rehabilitada.




70

Ponte Pedroso - Lalín (15 km)

Unha vez cruzamos a Ponte Pedroso, comezaremos un tramo en ascenso para entrar no termo municipal de Lalín e continuar ascendendo ata o coto da Manuela. Este é un bo punto para botar a vista atrás, ver ao lonxe o monte Faro e decatarmos do camiño andado. Xa logo iniciamos o descenso que nos levará á vila de Lalín, capital da comarca do Deza. Nesta vila o peregrino pode elixir quedar no centro en vez de parar no albergue da Laxe, que está fora do casco urbano. Lalín ten unha ampla e boa oferta hostaleira, con hoteis, albergues e hostais (como o albergue Lalín Centro ou o hostel Las Palmeras) cunha excelente relación calidade-prezo.

Se decides quedar en Lalín deberás contar con que a etapa de mañá será de case 40 km, xa que o albergue da Laxe está a preto de 4,6 km de distancia do centro. Se en cambio decides continuar, seguirás o camiño polo parque de Pontiñas, seguindo as indicacións ata A Laxe. Este albergue conta cun bo deseño e está ben dotado para facer un bo descanso da andaina realizada.



71

Onde comer en Lalín?

Se é época, é case obrigatorio tomar un bo cocido ao chegar a Lalín. Lugares hai moitos cun produto excelente, pero nós recomendamos A Molinera, O Currás ou O Cabanas. Se vos achegades cando é a festa do cocido, a fin de semana antes do entroido, poderedes desfrutar dunha festaza, aínda que para tomar cocido con calma é moito mellor ir noutra data.

Para anotar: É moi interesante a romaría que se celebra na parroquia de Santa María de DonRamiro en setembro.



72

Outra posibilidade gastronómica da capital do Deza é un bo churrasco de vaca, que ao igual que en Rodeiro é o que predomina (en lugar do de porco, que é máis típico noutras zonas de Galicia, como nas Rias Baixas). Como recomendación, o máis saboroso, cunha moi boa relación calidade prezo, é a Parrillada Luis, ao lado do centro de Saúde, e se tedes coche, A Robleda, en Vilatuxe, de calidade suprema, ou O Villanueva, outro clásico.

Para rematar as recomendacións, se chegades os días 3 ou 18 do mes, hai feira, que é o mellor lugar para rematar unha andaina, tomando unhas talladas de polbo cun viño en calquera dos postos das pulpeiras. Todas estas

recomendacións, por suposto, como xa dixemos en Rodeiro, deben ser acompañadas do pan de Lalín.



73

A TER EN CONTA

Un xeito de recordar o camiño de inverno cando cheguemos á nosa casa é degustando os produtos de calidade das vilas polas que pasamos. En Lalín temos que falar dos queixos do Pazo de Anzuxao, gañadores de moitos certames especializados, como o de Mellor queixo madurado de vaca de España. O máis coñecido é o de tetilla, e damos fe da súa calidade, pero o que nos conquistou foi o Señorío de Anzuxao semicurado. Un escándalo.

**Se tes coche**

Podes achegarte ao santuario do Corpiño, lugar de moita devoción ao que vai xente de toda Galicia para facer as súas peticións á Virxe. É sorprendente ver a cantidade de romeiros que chegan a esta poboación os días 23 e 24 de xuño. Ademais é un dos poucos santuarios que fan exorcismos, e disque curan o meigallo.

Detalles de Lalín

Lalín é un concello berce de artistas, como o pintor Laxeiro, un dos máximos referentes da vangarda galega; de aventureiros, como o aviador Joaquín Loriga, que fixo a expedición Madrid - Manila, e de astrónomos, coma Ramón María Aller, estudoso das estrelas dobres.

Como curiosidade, o deporte rei da vila é o balonmán; De feito, moitos xogadores nados en Lalín compiten nas mellores ligas. Cabe destacar tamén a figura do deportista Álex Ferradás, un home con tetraplexía que co seu esforzo diario rompe barreiras e amosa que é posible superar todo tipo de limitacións. Entre as probas que levou a cabo destacan cruzar a ría de Vigo a nado ou facer medias maratóns en handbike, ao tempo de ser o presidente do club de rugby de Lalín.

Árbores senlleiras


No concello de Lalín temos varias árbores que están dentro do catálogo de árbores senlleiras de Galicia. Se vos presta e tedes coche podédesvos achegar a ver tres carballos maxestosos: o carballo de Vilatuxe, o carballo de Soutolongo e o carballo de Bermés. Tamén podedes achegarvos á carballeira de Catasós, onde poderedes ver exemplares de máis de 30 metros de altura e cinco de diámetro. Esta fraga foi inspiradora para a escritora Emilia Pardo Bazán, ao aloxarse no pazo da Quintela cando escribiu Los pazos de Ulloa. A fraga de Catasós foi obxecto dunha mobilización cidadá para súa defensa, en contra o proxecto de Fenosa de pasar unha liña de alta tensión pola fraga que destruíría moitos carballos centenarios.

Viva Lalín con razón ou sen ela. Se me dás un pau douche un peso, e se é de carballo trinta reais.



Solpor en Lalín.

7ª ETAPA LALÍN - VEDRA



Sétima etapa: A Laxe – Outeiro (33 km)

Resumo da etapa

Estamos ante unha etapa dura, de 33 quilómetros; aínda máis se decidiches quedar en Lalín... Neste caso andarás case 40 quilómetros, como xa comentamos. Unha xornada na que atravesaremos a comarca do Deza para rematar na da Ulla, e veremos grandes explotacións gandeiras en Lalín e Silleda, así como cultivos de vide, horta e camelias na Ribeira do Ulla. Non precisarás aprovisionamento extra, xa que atoparás numerosos núcleos de poboación con todos os servizos. Ademais así terás unha boa desculpa para degustar produtos locais. Para quen ande canso, existe a posibilidade de acurtar a fin da andaina, xa que neste tramo hai diversos albergues, hotéis e casas rurais ao pé do camiño que darán a opción de poñer remate á etapa cando se decida.



A Laxe – Silleda (9,5 km)

Saímos do albergue da Laxe e atravesamos a poboación de Prado. Neste primeiro tramo o camiño mestura pistas asfaltadas con camiños de terra, que continuaremos ata cruzar o río Deza pola Ponte Taboada, unha magnífica construción medieval que une Ourense con Santiago de Compostela, datada do ano 912, segundo unha inscrición que podemos ver a carón da ponte.



Pasada a ponte comezamos un ascenso, primeiro por un camiño empedrado e logo por terra e pistas, ata chegar á estrada N-525. Pasada a ponte comezamos un ascenso, primeiro por un camiño empedrado e logo por terra e pistas, ata chegar á estrada N-525. Atoparemos a igrexa románica de Santiago de Taboada, onde paga a pena fixarse no tímpano de Sansón co león, nunha escultura recente do apóstolo Santiago e no cruceiro.



Se queremos facer un pequeno descanso é interesante saber que un pouco antes, na parrillada Ponte Taboada poñen un pincho de empanada de carne que axuda a continuar a andaina.



Ponte Taboada
sobre o río Deza.

Deixamos a igrexa de Santiago e atravesamos a N-525 para volver ó noso itinerario. Logo de pouco tempo andado, chegaremos ao maxestoso pazo de Trasfontao, do século XVIII, xunto a uns carballos centenarios, para case sen decatarnos chegar á vila de Silleda.

En Silleda é obrigatorio pasar pola confeitaría Tábora, probar os seus premiados melindres e degustar os seus doces con sabor a pastelería tradicional: os borrachos, as trufas e os de améndoa. E como fixemos en Rodeiro, haberá que probar o pan! Que mellor forma de facelo que mesturándoo cun bo queixo, como poden ser os de Cortes de Muar, creadores de marabillas como o Marigold (queixo vello con leite de vaca madurado nun pano con manteiga durante 8 meses) ou a Mimosa. Unha *delicatessen*.



Igrexa de Santa Baia de Silleda

A TER EN CONTA

Se tedes coche, os arredores de Silleda merecen unha visita. Podedes achegarvos ao mosteiro de Carboeiro -fundado no século X xunto ao río Deza nunha contorna natural fermosísima-, á ferrenza do Toxa -unha das de maior caída de Galicia-, á sobreira de San Miguel de Siador -pertencente ao catálogo de árbores senleiras de Galicia-, ao castro de Toiriz, ou visitar a Penadauga en Escuadro, preto da igrexa de Santa Isabel, lugar este ao que os romeiros acoden a curar males da pel.

OLLO!

No Hostal Bar Toxa, os martes e domingos temos á nosa disposición unha polbeira para pedir unha ración de polbo á feira.



84

Cousas de Silleda

Silleda é terra de pintores, como Colmeiro, de músicos coma Narf, de políticos como Antón Alonso Ríos, ou de escritoras como Ana Cabaleiro, autora da novela *As Ramonas*, obra na que poderedes coñecer a relación de Silleda con Compostela.

Silleda - San Miguel do Castro (15,6 km)

Sáímos de Silleda e comezamos un tramo no que camiñaremos preto da estrada N-525. Aquí predominan os prados e cultivos para forraxes mesturados con casas illadas e pequenas poboacións, ata chegar á vila da Bandeira, que conta con todos os servizos. Se vos cadra pasar no terceiro sábado de agosto estaredes de sorte, porque se celebra a multitudinaria festa da empanada. Poderedes probar esta delicia que vos achegará enerxía extra para continuar a etapa.



85

Sáimos da Bandeira e continuamos en dirección á parroquia de Dornelas. Poderemos visitar a igrexa románica adicada a San Martiño, atravesando unha contorna na que predominan os prados e hortas que alternan con bosques de árbores autóctonas e tamén, desgraciadamente, de eucaliptos que empobrecen o terreo e a contorna. Pasado Dornelas comezaremos un pequeno ascenso para chegar a San Miguel do Castro, no concello da Estrada, onde poderemos apreciar a capela adicada a Santiago e ver ao lonxe o Val da Ulla.

San Miguel de Castro - Albergue do Outeiro (7,9 km)

Neste tramo comezamos unha baixada pronunciada cara ao rico val da Ulla, onde poderemos ollar un exemplo de arquitectura de obras públicas, o viaduto de Gundián, para máis adiante cruzar o río pola Ponte Ulla. Estamos xa no concello de Vedra, na provincia da Coruña.



Río Ulla, ao fondo o viaduto.

CURIOSIDADES

Neste val da Ulla apreciamos como a gandaría comparte espazo coa vide, a horta e a camelia. Del saen viños da terceira denominación de orixe que atravesamos nesta guía, os da D.O. Rías Baixas, aínda que de forma predominante se producen no Salnés e no Baixo Miño. Non podemos deixar de recomendar os da adega Castro Valdés, con produción preto da confluencia entre os ríos Deza e Ulla, que nos permitirán lembrar estas terras no momento da degustación.

Tamén a carón do río Ulla, a poucos quilómetros do camiño, atopamos a casa de Xosé Neira Vilas, autor do noso gran best-seller *Memorias dun neno labrego*, e da tamén escritora e activista Anisia Miranda.

Eu son da terra da Ulla. Alí cultívase en bacelos atados forma de ballesta ou en parras, algunhas tan baixiñas que hai que agacharse para vendimar. A min permitíanme sulfatar e axofrar, pero non a poda nin o atado das vides, por ser máis especializado facíao meu pai. Iso si, permitíanme esmagar as uvas nunha tinalla. Recordo as sopas de viño e de pan quente o día da cocedura e o día que lle dabamos os cabalos no Entroido para que estivesen máis rufos.

Fragmento de pregón de Xosé Neira Vilas na Festa do viño de Chantada.

Ao cruzar A Ponte Ulla poderemos ver a igrexa da Madalena e o pazo de Vista Alegre. Na Ponte Ulla podes quedar no albergue privado O Cruceiro ou na pensión Juanito, que teñen a vantaxe de teren bares preto, pero se queres continuar coa andaina, comezaremos a ascender cara ao albergue do Outeiro. Está situado na parroquia de San Pedro de Vilanova, ben dotado para o descanso e nunha fermosa contorna, rodeado por un bosque de piñeiros e eucaliptos. Preto do albergue do Outeiro podemos visitar a capela de Santiaguño, que ten unha imaxe de Santiago.



A Ponte Ulla.

Visitas a Pazos

Nesta etapa do camiño do inverno pasamos preto de dous magníficos pazos que merecen unha visita. O primeiro é o de Santa Cruz de Ribadulla, tamén chamado pazo de Ortigueira. Nel poderedes visitar os seus fermosos e coidados xardíns, ver as súas camelias e ollar diferentes árbores senlleiras como a criptomera, os tulipeiros e as oliveiras, ao tempo que desfrutades das fontes e da riqueza patrimonial das súas construcións. A visita, que é moi recomendable, ten un prezo de 5 € por persoa, pero se ides o luns pola mañá é gratuíta.



Fachada da Catedral
de Santiago de Compostela.

Oitava etapa: Outeiro - Santiago de Compostela (16,2 km)

Resumo da etapa

Xa estamos con moitas ganas de chegar e de feito, queda ben pouco. Tramos en descenso polo concello de Boqueixón farán moito máis sinxela a camiñada final, e xa poderemos albiscar o Pico Sacro dende diversos puntos. Unha referencia máxica que xa nos vai achegando cada vez máis á lenda do Apóstolo e á súa morada de repouso eterno. A entrada á cidade farémola atravesando o río Sar cuxas orelas xa cantou Rosalía de Castro e alcanzaremos por fin o ansiado casco vello de Santiago de Compostela pola porta de Mazarelos onde podemos viaxar no tempo e abraiarnos coa incomparable arquitectura desta rosa de pedra.

Outeiro - Susana (7,6 km)

Atrás van quedando os montes de Vedra nada máis comezar esta etapa e de seguido adentrarémonos no lugar de Lestedo, no concello de Boqueixón. O Pico Sacro saúdanos e camiñaremos cara el ata chegar a Rubial. Alí poderemos desviarnos se temos tempo e ir visitalo. As vistas que ofrece de Santiago de Compostela pagan a pena e ademais resultan un bo entrante do que nos agarda. Continuaremos logo por diversas interseccións, achegándonos cada vez máis ao noso destino, deixando cada vez máis o entorno rural por elementos máis propios do mundo urbano que nos agarda. É o momento de facer un alto en A Susana. Estamos moi cerca xa...

Susana - Santiago de Compostela (8,6 km)


As frechas amarelas levarannos ata Vixoi, municipio compostelán. Aquí poderemos refrescarnos ao abeiro da ermita de Santa Lucía e continuar logo o camiño atravesando as vías do ferrocarril e a autoestrada por Angrois. Atoparemos as inconfundibles pedras da calzada do Sar, cruzaremos a ponte románica sobre o río do mesmo nome, e seguiremos dereitos, costa arriba, pola rúa Castrón de Ouro ata chegar á porta de Mazarelos, o único vestiño en pé da muralla de Santiago de Compostela. Chegamos.



Praza de Mazarelos, ao fondo.

Santiago de Compostela

Hai moito que ver e moito que facer. Necesitaremos unha guía tan longa como esta mesma sobre o Camiño de Inverno para percorrer esta cidade máxica, mais para comezar a vosa chegada velaquí van as nosas recomendacións. Non perdades tempo!



Hospedaxe Bar La Tita, na Rúa Nova, 46. Tapa de tortilla para tomar ao acubillo dos sopor-tais. Imprescindible.



Benboa, na Rúa do Preguntoiro, 41, cociña atlántica ideal para xantar ou petiscar.



O abrigadoiro, un clásico na rúa Carreira do Conde, 5.
Un consello: déixese aconsellar.





Agradecementos e material empregado

A realización desta pequena guía vén de lonxe. Hai xa anos percorremos a Ruta da Prata en dúas ocasións, o que nos deu a posibilidade de coñecer os tramos desde Lalín a Santiago de Compostela; no ano 2017 fixemos por primeira vez a totalidade do Camiño do inverno, e neste ano 2020 puxémonos a traballar neste proxecto no que, ademais da propia experiencia, empregamos as seguintes publicacións que nos axudaron á hora de coñecer a ruta:

“Guía Camino de invierno a Santiago” de Aida Menéndez

“Anuarios da Asociación de Camiños de Santiago pola Ribeira” números 2 e 3

Tamén as seguintes páxinas web foron de gran axuda:

<https://www.gronze.com/camino-invierno>

<https://www.elcaminoconcorreos.com/es/camino-de-invierno>

<http://www.caminodeinvierno.com/content/el-camino-etapas>

E para rematar, o máis importante, as persoas que nos axudaron a facer esta publicación. Agradecidos a María Blanco, polas correccións acertadas na escrita e polas moitas fotos realizadas, a Xurxo Martínez, á Fundación Manuel María, a Alberto Cuíña, a Alberto Viz, a David Veleiro, tamén a Carlos Iglesias Calvo, polas fotos de Ponte Pedroso e do tramo Rodeiro - Lalín, a Begoña Lorenzo pola información sobre Rodeiro e o Val da Camba e pola achega das fotografías, e a Marta Sieiro polos seus apuntamentos, e, como non, a todas as persoas que nos subministraron numerosa información durante a ruta: os propietarios de restaurantes, albergues, taxistas e camiñantes que atopamos na ruta.

Moitas grazas

© dos textos: Polo Correo do Vento SC
www.polocorreodovento.gal
Edita: Lela Edicións

D.L. PO 488-2020

Esta obra forma parte do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia





Lela
EDICIONS

#aculturasegue

galicia  Xacobeo 2021  XUNTA DE GALICIA